



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf: 981 740 001  
Fax: 981 740 677

P-10/2019

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 3/10/2019 EN 1ª CONVOCATORIA.

### ASISTENTES

**Alcalde-Presidente**  
José Marcote Suárez  
(PSdeG - PSOE)

### Concelleiros

**Partido Popular (PP)**  
José Manuel Traba Fernández  
Santiago Insua Esmorís-Recamán  
Daniel Juan Benlloch Rivas  
Jenifer Suárez Silva  
Leonor Castrege Fernández

### Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

Soledad Vilela Romero  
Alexandre Domínguez Lado  
María Rocío Mariño López

### Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira  
Teresa Fernández Martínez

### Secretario

José Ramón Lema Fuentes

**Na vila e termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20: 00 horas, do día 3/10/2019, reúnense no salón de sesións da casa do Concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:**

### Orde do día

- 1º Aproba-lo borrador da acta da sesión anterior, se procede.
- 2º Aprobación Modificación Proxecto Casa Cultura incluída en Convenio Excma Deputación.-
- 3º Mocións de Grupos Políticos.-
- 4º Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 5º Rogos e Preguntas.-

**1º Aproba-lo borrador da acta da sesión anterior, se procede.**

Sometida a votación a do día 8 de Agosto de 2019 é aprobada por Unanimidade dos asistentes.-

**2º Aprobación Modificación Proxecto Casa Cultura incluída en Convenio Excma Deputación.-**

Unha vez examinado, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, facéndose constar polos Concelleiros do grupo popular que o fan favorablemente por entender que actualmente a Obra a incluír no Convenio ten todos os permisos que son necesarios para poderse levar a cabo, acorda:

1.- Aprobado o Proxecto da obra denominada “Ampliación rede de saneamento de augas fecais na localidade de Mallas - Fisterra “cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Sesenta mil euros (60.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, redactado polo Arquitecto Manuel Carro López que consta no expediente.-

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Compromiso firme desta Corporación para financiar a Aportación Municipal equivalente ó 20% do presuposto total de execución de obra con cargo ó ano 2013.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución da obra referida que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento deste investimento a executar.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **3º Mocións de Grupos Políticos. -**

**Examinada a proposta formulada pola Alcaldía co seguinte contido:**

**"Vista a petición de adhesión ao acordo tomado polo Pleno do Concello de Zas, o día 12 de setembro de 2019. CONCELLO DE ZAS.- PROPOSTA DE ALCALDÍA.**

**Novamente a xerencia do SERGAS demostra que os nenos do rural non teñen os mesmos dereitos que o resto.**

**Levamos semanas padecendo a falta de facultativo pediátrico que, por motivos persoais e por dereito propio, ten que ausentarse do seu posto de traballo en diversas ocasións. Quedando eses días sen ningún tipo de cobertura ata o total pasotismo ao Servizo Galego de Saúde.**

**Pero agora, a situación empeora. Chegan as temidas vacacións que se traducen, para os pacientes infantís, en falta de pediatra.**

**Sendo certo que, en caso de necesidade, poderase solicitar cita no Centro de Saúde de Vimianzo, a coordinadora Zas sen recortes en pediatría considera que esta situación é inaceptable pero, sobre todo, insostible. Posto que todo isto supón un colapso innecesario nas listas de espera doutros facultativos que xa teñen a súa propia carteira de cartillas, como o máis lóxico e doado sería, simplemente cubrir as dúas consultas do noso concello.**

**Todos estes recortes dos cales levamos sendo vítimas dende hai demasiado tempo están a pasar unha factura demasiado alta.**

**Visto que os cidadáns do Concello levan semanas padecendo a falta de facultativo pediátrico por distintos motivos, véndose o servizo diminuído e afectado os nenos e nenas do Concello.**

**Visto que os cidadáns do Concello non teñen porque aceptar esta situación de perda do servizo de pediatría.**

**PROPONSE AO PLENO A adopción dos seguintes acordos:**

**PRIMEIRO. Solicitar ao SERGAS que restitúa o horario do servizo de pediatría de 35 horas semanais.**

**SEGUNDO. Que cubran as baixas, licenzas, permisos, vacacións do persoal adscrito a dito servizo.**

**TERCEIRO. Trasladar aos demais Concellos da Costa da Morte o acordo para que se adhiran ao mesmo no caso de consideralo oportuno.**

**Proponse ao Pleno a adhesión a ese acordo co propósito de:**

**PRIMEIRO.-** Que o SERGAS restitúa o horario de servizo de pediatría as 35 horas semanais no Concello de Zas.

**SEGUNDO.-** Que se cubran as baixas, licenzas, permisos e vacacións do persoal adscrito a dito servizo.

### **INTERVENCIONS**

#### **Sr. Traba Fernández do grupo popular**

**Non participaremos na votación,** toda vez que, se ben estamos dacordo co servizo de pediatría, non podemos estar tratando os problemas que poidan ter outros Concellos.-

#### **Interven o Sr. Sar Oliveira do grupo BNG**

**Votaremos a favor** porque consideramos necesario o servizo de pediatría e porque isto nos pode afectar no futuro, inda que esperamos que non.-

**Seguidamente o Pleno por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG) acorda aprobala en todo o seu contido.-**

#### **4º Resolucions dictadas pola Alcaldia, para coñecemento.-**

**Dase conta das seguintes:**

**Expedientes sancionadores de tráfico polo importe total de 2.720 €**

**Expedientes sancionadores de tráfico polo importe total de 240 €**

**Expedientes sancionadores de tráfico polo importe total de 5.880 €**

#### **Aprobación Plan de Vacacións 2019**

**Juan Gabriel Satti Bouzas: 5 o 16 de Agosto de 2019**

**María Loreto Marcote Lago: 19 o 22 de Agosto de 2019**

**Pedro Santiago Díaz Domínguez: 20 o 26 de Agosto de 2019**

**María de las Arenas Rivera López: 30 Agosto o 5 Setembro 2019.-**

**María del Pilar Formoso Martínez: 29 de Agosto o 30 de Setembro de 2019.-**

**María José Traba Traba: 2 o 5 de Setembro de 2019.-**

**Jacobo Carlos Mariño Campos: 2 o 13 de Setembro de 2019.-**

**María del Carmen Fernández Oviedo : 16 o 20 de Setembro de 2019.-**

**Sandra Marcote Traba: 23 o 27 de Setembro de 2019.-**

**Juan Ángel Crespo Marcote : 23 o 27 de Setembro de 2019.-**

**Alexandra Lago Lago: 23 o 27 Setembro 2019.-**

**Paula Liñeiro Marcote: 16 o 20 Setembro 2019.-**

**Yesica Marcote Sambad: 23 o 27 Setembro de 2019.-**

**Darío Gomez Valdomar: 23 o 27 Setembro 2019.-**

**María Loreto Marcote Lago: 13 o 30 Setembro 2019.-**

**María Filomena Dominguez Velay: 16 Setembro o 15 Outubro de 2019.-**

**José Santiago Papin Rivas : 23 o 27 Setembro de 2019.-**

**Carmen María Nemiña Antelo : 16 o 20 Setembro 2019.-**

Antonio Núñez López : 16 o 20 Setembro de 2019.-  
Eva Nemiña Canosa: 16 o 20 Setembro de 2019.-  
Carmen Dolores Álvarez Marcot : 19 o 26 Setembro 2019.-  
Jesús Marcote Ferrío Buiturón : 30 Setembro o 4 Outubro 2019.-  
Rubén Fábregas Santos : 28 Outubro o 8 Novembro 2019.-  
Noelia castreje Canosa : 28 o 31 de Outubro de 2019

#### Permiso por asuntos particulares e hospitalización

Montserrat Outes Velay, días 30 Setembro e 1 de Outubro de 2019.-  
Pamela Caamaño Carril, días 28 Setembro o 2 de Outubro de 2019.-  
Amable Canosa Martínez, días 25 o 31 de Outubro de 2019.-  
María Dolores Martínez Pérez, días 4 o 7 de Outubro de 2019.-  
Silvia Maria Sar Insua, días 22 o 26 de Agosto de 2019.-  
Carmen María Ballón Estévez, 2 o 23 de Setembro de 2019.-

#### Contratación eventual en favor de:

Ana Isabel Suárez Buján, Auxiliar Axuda Domicilio, 12 o 27 de Agosto de 2019.-

Lucinda Espasandín Martínez, Auxiliar de Axuda a Domicilio, 17 o 21 de Agosto de 2019.-

Violeta Costa Lago, Auxiliar a Domicilio, por sustitución da baixa traballadora María Lourdes Domínguez Lago a partir do día 19 de Agosto de 2019 ata a alta da mesma.-

Lucinda Espasandín Martínez, Auxiliar de Axuda a Domicilio, 30 de Agosto o 30 de Setembro de 2019.-

Ana Isabel Suárez Buján, Auxiliar de Axuda a Domicilio, 28 Setembro o 2 Outubro de 2019.-

Lucinda Espasandín Martínez, Auxiliar de Axuda a Domicilio, 4 o 7 de Outubro de 2019.-

Contratación eventual de Fabio da Costa Mota e José Marcote Traba, para o posto de socorrista, periodo 1 o 30 de Setembro de 2019.-

Adjudicación mediante Contrato Menor apertura de cunetas e nivelado de pistas en favor de Agrofortestal Xallas S.L.U. polo importe de 14.520 € (5.445 € ano 2019 e 9.075,00 € ano 2020 ).-

Orde de retirada de vehículo abandonado na localidade de Sardiñeiro de Abaixo e traslado a Parcela Cámara Agraria.-

Delegación de Funcións Alcaldía en favor do Primer Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira, 24 de Agosto o 1 Setembro 2019 por período vacacional.-

Concesión de Axuda económica a J. V. R. polo importe de 350 € para gastos de adquisición audífono por tratarse de persona carente de medios.-

**Concesión de Axuda económica para electrodomésticos polo importe de 364 € con destino a súa vivenda habitual por ser persona carente de medios a adquirir directamente polo Concello a Establecementos Hermanos Leston.-**

**Expediente sancionador de tráfico polo importe total de 80 €.-**

**Aprobación Definitiva dos Padróns Fiscais das Taxas de Auga, Saneamento e Vaos ano 2019.-**

**Expediente sancionador de tráfico polo importe total de 80 €.-**

**Permiso por falecemento de familiar a favor de Alexandra Lago Lago, días 28 a 30 de Agosto e 2 de Setembro de 2019.-**

**Contratación eventual Violeta Costa Lago como Auxiliar de Axuda a Domicilio polo periodo 3 o 18 de Setembro de 2019.-**

**Contratación eventual Violeta Costa Lago como Auxiliar de Axuda a Domicilio polo periodo 1 o 16 de Outubro de 2019.-**

**Concesión de axuda polo importe de 100 € a favor de P. L. C. para desprazamentos por ser persoa carente de medios.-**

**Autorización Festas na honra da Virxen dos Dolores en favor de Esperanza Suárez Vázquez na localidade de Sardiñeiro de Abaixo os días 14 e 15 de Setembro de 2019.-**

**Cancelación de Garantía Definitiva a favor de Búa Construcciones y Servicios S.L. Obra Urbanización Rúa Atalaia - Fisterra, en aval de Afianzamentos de Galicia polo importe de 3.409,10 €.-**

**Expedientes sancionadores de tráfico polo importe total de 8.240 €.-**

**Contratación carácter eventual en favor de María Rodríguez Fernández e Iria García Sar , Técnicos de Información Turística, periodo 22 Setembro o 31 de Outubro de 2019.-**

**Expedientes sancionadores de tráfico polo importe total de 2.800 €.-**

**Concesión de Axuda a Domicilio a favor de J. A. L. S. durante unha hora diaria de luns a venres para aseo persoal e tarefas de administración medicamentos.-**

**Expedientes sancionadores de tráfico polo importe total de 560 €.-**

**Contratación eventual Rosario Castelo Toba, como Informadora Xuvenil, periodo 1 o 23 de Outubro de 2019 por baixa maternidade da titular, María Begoña Valdomar Insua.-**

**Expedientes sancionadores de tráfico polo importe total de 160 €.-**

Contratación de Lucinda Espasandín Martínez, Auxiliar de Axuda a Domicilio, 4 de Outubro de 2019 ata alta por Baixa IT de María Lourdes Domínguez Lago.-

### O Pleno dase por enterado

#### Antes do punto de rogos e preguntas

Formulase polo portavoz do grupo popular, Sr. Traba Fernandez, a urxencia para poder plantexar unha Moción sobre :

#### Reclamación o Goberno de España a transferencia as entidades locais dos recursos derivados da participación en ingresos do Estado.-

Iniciado debate, interven o Sr. Sar Oliveira do grupo BNG quen dirixendose ao portavoz do grupo popular, formúlalle a seguinte pregunta : ¿porque considera que e urxente a Moción, se se leva falando meses deste tema?

O Sr. Traba Fernandez do grupo popular, contestalle "porque sí" o tratarse dun problema que e necesario resolver e porque a partir de Decembro poida que exista outro goberno ou non e quede o mesmo.-

Interven o Sr. Alcalde manifestando que, de principio estamos dacordo pero dado o gran contido da Moción se necesita tempo para poder examinala e decidir; de todas formas fareille un voto preventivo aceptando a urxencia.-

Seguidamente, o Pleno por Nove votos a favor ( 4 PSdG-PSOE e 5 PP ) e dous en contra dos concelleiros do grupo BNG, acorda aceptar a urxencia para tratar a Moción antes referida .-

Dada conta do seu contido :

#### MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE FISTERRA PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A TRANSFERENCIA ÁS ENTIDADES LOCAIS DOS RECURSOS DERIVADOS DA PARTICIPACIÓN EN INGRESOS DO ESTADO

O Grupo Municipal Popular no Concello de Fisterra, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Moción co seguinte contido:

“Un dos grandes alicerces da organización política e administrativa en España está constituído polas Entidades Locais, cuxas Administracións de proximidade garanten a provisión de servizos públicos esenciais aos españois. Para poder desenvolver eficazmente as funcións que teñen encomendadas, é fundamental que se cumpran integramente os dous principios que constitucionalmente inspiran a súa actuación: o principio

de autonomía (artigo 140 da Constitución española) e o principio de suficiencia financeira (artigo 142 da Constitución española).

Autonomía e suficiencia financeira son principios conmutativos, de modo que non hai autonomía sen suficiencia nin suficiencia sen autonomía. En cambio, do mesmo xeito que ocorreu co financiamento das Comunidades Autónomas, o Ministerio de Facenda veu invocando diferentes coartadas para impedir facer efectivas as obrigas económico-financieiras que ten contraídas lexislativamente caos Entidades Locais. Unha vez máis, e de maneira completamente falaz, apélase polo Goberno de Sánchez á concorrencia dun orzamento prorrogado e ás limitacións dun Goberno en funcións para negar o que constitucionalmente é un dereito das Entidades Locais e, por conseguinte, dos cidadáns que residen en cada unha delas.

Resulta un paradoxo difícilmente aceptable desde o punto de vista intelectual, que o libramento dos recursos económicos por parte do Estado ás Entidades Locais, e que forman parte dun modelo de actuación establecido legalmente e de raíz constitucional, sexa posto en cuestión polo Goberno de Sánchez, sobre a base de opinións técnicas non contrastadas. A cambio, ese mesmo Goberno non tivo ningún reparo en aprobar Reais Decretos Leis que crean novos dereitos económicos, facendo estalar o teito de gasto non financeiro do Estado e crebando a ordenación xurídica sobre estabilidade orzamentaria.

Fronte á disciplina e a corresponsabilidade política e administrativa que debe imperar entre o Estado e as Entidades Locais, impúxose irresponsablemente polo Goberno de Sánchez a indisciplina fiscal e un dos maiores ataques ao modelo constitucional de autonomía territorial dos últimos anos. Negar os recursos das Entidades Locais sobre a base de espurias opinións sen fundamento técnico é negar a base mesma do noso sistema de organización territorial.

Desde o punto de vista do financiamento local, a falta de actualización dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do Fondo Complementario de Financiamento, está a provocar un prexuízo análogo ao que se está producindo coas entregas á conta ás Comunidades Autónomas, e que podería situarse ao redor dos 1.000 millóns de euros.

Á súa vez, e da mesma maneira que en financiamento autonómico, o Goberno de Sánchez ampárase indebidamente na concorrencia da existencia dun orzamento prorrogado e dun Goberno en funcións para impedir que se abonen ás Entidades Locais as liquidacións definitivas na Participación en ingresos do Estado correspondentes a 2017 que o Estado debe abonar ás entidades locais en 2019.

Pero é que ademais, a conxelación á que está a abocar coas súa actuación o Goberno de Sánchez non permite cubrir o esforzo orzamentario que están a facer as Entidades Locais para atender o



incremento das retribucións en materia de persoal derivadas do Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece un incremento mínimo asegurado do 2,25 por cento respecto ás retribucións vixentes en 2018, con efectos ao 1 de xaneiro de 2019, e que cobre tanto a funcionarios como a persoal laboral do sector público local.

Por último, existen un conxunto de liñas de subvencións estatais destinadas a financiar determinados servizos locais (por exemplo, transporte colectivo urbano) cuxo importe permanece inalterable ao longo deste ano no crédito orzamentario de 2018, sen que responda directamente, polo tanto, da evolución dos custos do servizo en cada unha das liñas subvencionadas.

### MOCIÓN

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta ao Pleno do Concello de Fisterra, a adoptar os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Solicitar esixir / ao Goberno de España que faga efectivas as obrigas económico-financeiras que teñen contraídas legalmente coas Entidades Locais e que teñen o seu fundamento nun dereito constitucionalmente recoñecido. E en base a iso efectúe a tranferencia realizada dos recursos derivados da Participación en ingresos do Estado e do resto de recursos financeiros que corresponden á localidade de Fisterra e, por conseguinte, aos cidadáns que residen na mesma.

**SEGUNDO.** Reclamar ao Goberno de España os recursos necesarios para apoiar o esforzo orzamentario que están a facer as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións dos empregados públicos das Entidades Locais previsto no Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, no ámbito da provincia da Coruña.

**TERCEIRO.** Solicitar a convocatoria urxente da Comisión Nacional de Administración Local para dar conta das razóns da situación creada e acordar solucións inmediatas.

**CUARTO.** Dar traslado destes acordos á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno de España, aos portavoces dos grupos políticos do Congreso e Senado, así como ao Ministerio de Facenda.

**Interven o Sr. Sar Oliveira do grupo BNG manifestando o Sr. Traba Fernández do grupo popular que "nos votamola a favor si esta de acordo en engadir a Moción contidos como a Tarifa eléctrica galega ou a transferencia da AP9 "-**

Sometida a consideración, resulta a seguinte votación :

Votos a favor: Cinco dos concelleiros do grupo popular.-

Votos en contra: Seis (4 PSdG-PSOE e 2 BNG)

Queda polo tanto, rexeitada a Moción .

5º Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernandez do grupo popular

¿Como vai o tema do Inventario de Bens Municipais ?

Alcalde.- Mañá, venres entregarán os traballos finais e posteriormente someteranse a aprobación do Pleno coa posterior exposición ao público.

Tiñase feito unha Memoria para a utilización da zona do Faro ¿poderíamos ter un adianto do que se ten previsto ?

Alcalde.- A instalación de Centro de Interpretación en todas as plantas e unha de carácter cultural ( exposicións, museos, Motivos náuticos ).

¿Planteouse ante a Autoridade Portuaria o asunto dos aparcamentos?

Alcalde.- Planteouse ante a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) comentándolle a necesidade de formar unha Comisión Paritaria entre a Fegamp e Portos de Galicia; todo elo arrancou e pedíronse resolver os problemas existentes e o que realmente se quería, entre outros facerse cargo o Concello dos espazos portuarios que non deberían selo e transferíndoos.

O feito de pedilo é porque a Estrada de Acceso ao Faro considerase actualmente a arteria central fundamental desta Vila necesaria para organizar a circulación, ademais de que son espazos cos que vimos convivindo diariamente.

A falta de espazos de aparcamento deberase resolver mediante unha xestión compartida.-

Enviouse un documento do procedemento legal para poder recuperar ditos espazos e que a Fegamp estivera como Administración Arbitraria, pero xa se nos comentou que ditos procedementos son longos, para o cal manifestouse que mentras se resolvían estas desafectacións, a idea foi de que se fixera un Convenio para asumir a xestión de ditos servizos, negociacións que son moi duras.-

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o **Sr. Alcalde-Presidente** levanta a sesión, sendo as 20: 35 horas, de todo o que como Secretario dou fe.-